

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade entende que a verdadeira solidariedade non pode ser unha experiencia entendida nunha soa dirección: uns dan e outros reciben. Vacacións con Traballo é unha experiencia de duplo sentido.



O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade é unha asociación de carácter municipalista que actualmente engloba 97 Concellos e as 4 Deputacións de Galicia. Foi fundado en 1997 como un foro a través do que consensuar e concentrar os esforzos dos poderes locais galegos no eido da cooperación ao desenvolvemento. Trátase deste modo de garantir unha xestión profesional e transparente, así como a realización de proxectos ambiciosos que teñan un verdadeiro impacto nos países do sur e facilitar unha maior sensibilización da sociedade galega a prol da solidariedade internacional.

Desde a súa fundación, a asociación ten desenvolvido 120 proxectos en máis de 20 países, e organizado e editado multitude de actividades e materiais en relación aos desequilibrios existentes entre os países do norte e do sur. Ten garantido a presenza da solidariedade do pobo galego nas catástrofes que afectan a aqueles países do mundo con menor capacidade para as afrontar, con proxectos de reconstrución (como os casos de Sri Lanka, despois do maremoto de 2004, Cuba, despois dos furacáns de 2008, Gaza, despois dos bombardeos de 2008-2009, ou na actualidade coa refundación de Haití).



Pode visitar a páxina web do Fondo en:
WWW.FONDOGALEGO.ORG



FICHA DE INSCRIPCIÓN:

NOME:

APELIDOS:

DATA E LUGAR DE NACEMENTO:

ENDEREZO:

TELÉFONO:

ENDEREZO ELECTRÓNICO:

ENTIDADE DO FONDO ONDE TRABALLA:

ÁREA DE TRABALLO:

TELÉFONO DO TRABALLO:

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

Fotocopia DNI

CV

Carta de motivación en participar no programa "Vacacións con Traballo"

INFORMACIÓN E INSCRIPCIÓN:


Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade
Avda. Josélin 7, portal 3-4b, 36300- Baiona (Pontevedra)
Teléfono/fax: 986357238



VACACIONES CON TRABAJO

2010

A Cooperación Internacional do Funcionariado Local Galego



O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade pon en marcha a quinta edición do programa Vacacións con Traballo, por medio do cal os recursos humanos da Administración Local galega préstanse á cooperación solidaria coas organizacións parceiras do Fondo Galego nos países do SUR. O programa dura un mes, 30 días de inmersión total no SUR.

PARA QUE VACACIÓNS CON TRABALLO?

- Para estreitar lazos entre @s técnic@s locais galeg@s e @s técnic@s locais dos países do Sur. Para Intercambiar coñecemento e experiencia profesional, para un mutuo fortalecemento e enriquecemento. Para ensinar e aprender.
- Para implicar @s servidores e servidoras públic@s en actividades que estimulen o seu compromiso solidario nunha cosmovisión máis completa da realidade do planeta. E para que a súa experiencia, á volta, sirva de estímulo a outras persoas.
- Para coñecer de primeira man os proxectos que o Fondo Galego ten apoiado e apoia no Sur.
- Para entrar en contacto con outras culturas, outras formas de estar nun mundo cada vez máis pequeno.

A QUEN VAI DIRIXIDO?

Poderá participar toda persoa da administración local galega; como única condición imprescindible establécese que o Concello pertenza ao Fondo Galego. Na consideración final das propostas presentadas será valorado positivamente a vinculación co mundo da cooperación e o coñecemento do medio e o país de destino.

ONDE E CON QUEN SE LEVAN A CABO AS VACACIÓNS CON TRABALLO? O PERFIL

O traballo d@s cooperantes desenvólvese en catro dos países onde o Fondo Galego leva adiante proxectos con maior tradición e intensidade. @s cooperantes integraranse nos equipos dalgúns dos máis sólidos parceiros do Fondo Galego no Sur.

● Cuba

Parceiro: Oficina do Conservador de Santiago de Cuba. Institución dedicada á conservación do patrimonio histórico-cultural e monumental da cidade.

Perfil preferido: arquitectos técnicos, con experiencia previa en traballos de rehabilitación de inmovible.

● Nicaragua

Parceiro: Instituto de Promoción Humana (INPRHU). Entidade de longa e recoñecida traxectoria no ámbito da cooperación internacional, centrada na autoorganización de comunidades locais en prol dun desenvolvemento endóxeno.

Perfil preferido: informátic@s, ou especialistas en xestión de turismo e sustentabilidade.

● Perú

Parceiro: Centro de Promoción do Desenvolvemento e a Educación (CEPRODE). Promove o desenvolvemento local en estreita parcería coas 11 municipalidades da provincia de Huaral, na rexión de Lima.

Perfil preferido: traballadora social ou socióloga especialista en cuestións de xénero.

● Cabo Verde

Parceiro: Associação Nacional de Municípios Cabo-verdianos (ANMCV), entidade na que se integran os 22 municipios do arquipélago africano.

Perfil preferido: persoa con coñecementos de administración, contabilidade ou informática. Tamén pode ser un/ha arquitect@.

COMO É A VIAXE, CANDO SE REALIZA?

A estadía no SUR dura un mes completo, e pode ter lugar en calquera momento do segundo semestre do ano, dependendo da dispoñibilidade do participante e do persoal de acollida.

O programa divídese en tres etapas:

- **Antes:** as persoas que desexen acollerse a este programa, previa inscrición e posterior selección, deberán participar obrigatoriamente na xornada de formación que organizará o Fondo Galego.
- **Durante:** as persoas seleccionadas seguirán a programación deseñada polo parceiro correspondente.
- **Despois:** deberán elaborar unha memoria de viaxe que dea conta da súa experiencia e do seu traballo sobre o terreo. Con ela será elaborada unha publicación que se distribuirá a todas as entidades socias e outros axentes institucionais ou civís de Galicia. Ao tempo, comprométese á participación en actividades de sensibilización do Fondo en Galicia, por medio do seu testemuño.

DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA:

A estadía no terreo é dun mes, no que a persoa que participa comprométese a desenvolver as actividades encomendadas, dedicándolle un mínimo de vinte días. O parceiro asume todos os gastos relacionados coa manutención e o aloxamento. O Fondo Galego faise responsable dos custos da viaxe, desde Galicia ao punto de destino.

CANDO PRESENTAR AS SOLICITUDES:

O prazo de presentación de solicitudes remata o 30 de abril de 2010. As solicitudes deben ser enviadas a Secretaría Técnica.